

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 19 DE AGOSTO DE 2016

3.- Proposta da alcaldesa en funcións relativa á autorización da realización de diversas actuacións no contrato do servizo de mantemento de alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumado ornamental dos monumentos do concello de Santiago. Autorízase á empresa adxudicatária Ferrovial a realización das seguintes obras:

- _Ampliación de alumado público en O Queiroal: 377,86 euros
- _Ampliación de alumado público no Parque Pablo Iglesias: 354,52 euros
- _Ampliación de alumado público na Praza Marcial Villamor: 1.472,01 euros
- _Substitución de columnas metálicas no Parque Pablo Iglesias; 2.091,90 euros
- _Substitución de luminarias tipo globo no parque da Almáciga e instalación de proteccións eléctricas: 10.768,04 euros
- _Modernización das instalacións de alumado público no parque e urbanización de Ponte Pereda: 39.426,77 euros

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de "Servizos para a execución de operacións de conservación, reparacións, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago". Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 521.322,32 euros, máis IVE de 109.477,70 euros. As actuacións corresponden aos seguintes departamentos: Educación (400.000 euros), Servizos Xerais Municipais (90.000,01 €); Casa das Asociacións (4.000,01 €); centros e locais socioculturais (44.800 €); Benestar Social (24.000 €); e instalacións deportivas municipais (68.000 €)

5.- Proposta da concelleira delegada substituta de Igualdade relativa á aprobación do expediente, gastos e apertura do procedemento das "Obras de acondicionamento do local para CASA DA MULLER." Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 127.000 euros, máis IVE de 26.670 euros.